

Explotación do rexistro de gando bovino

NOTAS EXPLICATIVAS

1. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

Inclúe todas as explotacións de bovino, é dicir, todas aquelas explotacións tanto industriais como familiares que teñan polo menos un bovino.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico é a Comunidade Autónoma de Galicia e proporciónase información para Galicia, provincias, comarcas e concellos.

Ámbito temporal

O período de referencia da información é anual, excepto no caso do ano 2001 xa que neste ano a Campaña de Saneamento Gandeiro da Consellería do Medio Rural non rematou ata mediados do ano 2002, sendo neste caso o período de referencia 2001-2002.

2. Definicións e aspectos metodolóxicos

A fonte de información é a Campaña de Saneamento Gandeiro da Consellería do Medio Rural.

Os animais de bovino clasifícanse en vacas de muxidura, vacas de non muxidura e outros bovinos.

A clasificación de vacas en “muxidura” e “non muxidura” faise atendendo ao criterio de aptitude na explotación (leite/carne), independentemente do tipo de explotación.

O tipo de explotación establécese segundo o gando dominante na explotación, distinguindo entre explotacións de muxidura, non muxidura e ceba segundo a seguinte clasificación:

Tipo de explotación	Condición
Explotación de muxidura	$VM \geq VNM$ e $VM \geq PC$
Explotación de non muxidura	$VNM \geq VM$ e $VNM \geq PC$
Explotación de ceba	$PC \geq VM$ e $PC \geq VNM$

onde:

$VM = 1,5 \times \text{número de vacas de muxidura}$

$VNM = \text{número de vacas de muxidura}$

$PC = 0,6 \times \text{número de outras reses de bovino}$

As “explotacións de ceba” non se corresponden exactamente co seu nome, estando incluídas neste tipo, ademais das explotacións de ceba propiamente ditas, as explotacións de recría de xovencas e, sobre todo, as que, tendo algunha vaca, teñen tamén reses de recría ou ceba.

3. Presentación de resultados

Na páxina web preséntase a seguinte información:

- Número de explotacións, número total de bovinos, número de vacas de muxidura e non muxidura e número doutras reses de bovino para Galicia, provincias, comarcas e concellos.
- Número de explotacións, número total de bovinos, número de vacas de muxidura e non muxidura e número doutras reses de bovino segundo o tipo de explotación e estratos, para Galicia e provincias. Os estratos agrupan as explotacións segundo o número de animais existentes nas mesmas.